



CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO E EN BACHARELATO

PROMOCIÓN NA ESO:

- 1- Superación de todas materias ou ter avaliación negativa, como máximo, nunha ou dúas materias.
- 2- O equipo docente tamén poderá decidir a promoción cando se cumpran TODAS as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez.
 - c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- 3- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias.

TÍTULO DE GRADUADO/A EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- 1- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere TODAS as materias.
- 2- O equipo docente poderá decidir a obtención do título cando se cumpran TODAS as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

PROMOCIÓN NO BACHARELATO:

- 1- Superación de todas materias ou ter avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- 2- O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do segundo curso.
- 3- O alumnado do primeiro curso de bacharelato que non cumpra as condicións de promoción establecidas deberá matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.



TÍTULO DE BACHAREL:

1- Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2- Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou alumno que superase todas as materias AGÁS UNHA, sempre que se cumpran ademais TODAS as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a este título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.